

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN, DO PERSOAL TÉCNICO E DO ALUMNADO - TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO “EMPRÉGATEAPP”, AO ABEIRO DOS PROGRAMAS DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL NO CONCELLO DE TEO

Primeira.- Obxecto da convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal, mediante o sistema de concurso-oposición, do seguinte persoal para a xestión e o desenvolvemento do obradoiro de emprego “EmprégateApp” que levará a cabo o Concello de Teo en colaboración cos concellos de Boqueixón e Vedra:

- 1 director/a (xornada completa) (Anexo II)
- 1 docente para impartir o certificado de profesionalidade de nivel 3 “Programación con linguaxes orientados a obxectos e bases de datos relacionais (IFCD0112)” (xornada completa) (Anexo III)
- 1 titor de iniciativas empresariais e formación compensatoria (media xornada) (Anexo IV)
- 1 titor de formación complementaria (media xornada) (Anexo V)
- Dezaseis (16) alumnos/as-traballadores/as inscritos/as no ficheiro nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (Anexo VI)

Seguindo a Base novena do Convenio de colaboración entre os concellos de Boqueixón, Teo e Vedra, para a solicitude conxunta dunha subvención ao abeiro dos programas de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no

ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a distribución do alumnado - traballador por concellos é a seguinte:

- Concello de Boqueixón: 4 alumnos/as
- Concello de Teo: 8 alumnos/as
- Concello de Vedra: 4 alumnos/as

O importe total da subvención concedida é de trescentos sesenta e nove mil catrocentos noventa e dous euros con trinta e dous céntimos (369.492,32€) e estimase un coste de catrocentos dezasete mil setecentos corenta e dous euros con vinte céntimos (417.742,20€) para o desenvolvemento total do proxecto.

Segunda.- Modalidade de contratación e duración do contrato.

A modalidade contractual que se aplicará para o persoal docente e directivo será a dun contrato de traballo de duración determinada por obra ou servizo.

O alumnado será contratado mediante a modalidade de “contrato para a formación e a aprendizaxe”

A contratación do persoal realizarase pola duración total do obradoiro de emprego, cuxo período de execución, previsiblemente, comprenderá dende o 10/08/2021 ata o 09/08/2022.

A contratación efectuarase coas seguintes características:

POSTO A OCUPAR	TIPO DE XORNADA	DURACIÓN DO CONTRATO
Director/a	Xornada completa	Doce (12) meses
Docente especialidade IFCD0112	Xornada completa	Doce (12) meses

Titor/a de iniciativas empresariais e formación compensatoria	Media xornada	Doce (12) meses
Titor/a de formación complementaria	Media xornada	Doce (12) meses
Alumnado - traballador	Xornada completa	Doce (12) meses

As persoas seleccionadas serán contratadas polo Concello de Teo e incorporaranse, durante o tempo que permanezan contratadas, ao departamento de desenvolvemento local do Concello.

Terceira.- Requisitos das persoas aspirantes

Para participar no presente concurso-oposición as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), para os nacionais doutros Estados. Así, segundo o artigo citado:

- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, con excepción daqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas (art. 57.1)

- As previsións do apartado anterior serán de aplicación, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

- O acceso ao emprego público como persoal funcionario, estenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.

- Os estranxeiros aos que se refiren os apartados anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder, no caso do persoal técnico, a idade máxima de xubilación forzosa, e os 29 anos no caso do alumnado-traballador.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbo sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) De conformidade co disposto na ORDE do 31 de decembro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, publicadas no DOG nº 21, de 02.02.2021, o alumnado – traballador deberá estar inscrito e en situación de beneficiario no ficheiro do Sistema

Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 90.1.a) da Lei 18/2014, do 15 de outubro.

Para poder participar neste programa é imprescindible cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e a aprendizaxe co obxecto de estar vinculado mediante un contrato de tales características ao proxecto durante toda a duración deste, de acordo co previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

f) O persoal técnico (dirección e titores/as) deberán posuír, como mínimo, o carné de conducir tipo B.

g) O persoal técnico deberá estar en posesión do nivel de CELGA 4 ou equivalente ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, nos termos do previsto na Orde do 16 de xullo de 2007, e Orde do 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega.

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega requirida nas bases específicas, ou non estean en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación das solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega que cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta.

h) Estar en posesión da titulación correspondente segundo o posto ofertado, que se matizará no apartado correspondente a cada posto nestas bases.

Cuarta.- Selección do persoal

En cumprimento cos artigos 11 e 12 da Orde do 31 de decembro do 2020 (DOG núm. 21 de 02/02/2021) da Consellería de Emprego e Igualdade, o Concello de Teo presentará no Servizo Público de Emprego de Galicia, nos modelos normalizados para o efecto, as ofertas para a selección do persoal, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas traballadoras a contratar conforme á anterior base terceira.

O Servizo Público de Emprego de Galicia realizará unha sondaxe de demandantes de emprego en función das características das ofertas presentadas atendendo á maior adecuación aos postos de traballo ofertados e remitirá, ao departamento de Desenvolvemento Local do Concello de Teo, unha listaxe coas persoas preseleccionadas para cada posto, para que desde as entidades promotoras se proceda a convocalas mediante contacto telefónico e a través do correo electrónico, onde recibirán copia das presentes bases. A data do envío das bases por correo electrónico determinará o inicio do prazo de presentación das solicitudes.

As persoas aspirantes interesadas nos postos ofertados terán que presentar unha instancia (Anexo I), dirixida á Alcaldía, no Rexistro do Concello de Teo en horario de 9:00 a 14:00 horas ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dentro do prazo de tres (3) días hábiles a contar dende o día seguinte do envío do correo electrónico coas bases. Na instancia farase constar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases e acompañarán a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da nacionalidade da persoa aspirante
- Titulación requirida para acceder ao proceso selectivo, con arranxo ao sinalado na Base terceira e aos anexos relativos a cada posto.
- Acreditación documental de posuír, de ser o caso, o coñecemento da lingua galega requirido, segundo o sinalado na Base terceira.
- Declaración xurada, acreditativa de non padecer enfermidade ou discapacidade que impida exercer a función propia a desenvolver. (Anexo VII)
- Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes. Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración e valoración, os que se acheguen con posterioridade ao remate do dito prazo, que serán considerados como achega de nova documentación fóra de prazo, ou aqueloutros que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

- Os cursos realizados, xustificaranse cos correspondentes diplomas ou certificados.
- A experiencia profesional deberá xustificarse en función da seguinte clasificación:
 - Traballo por conta allea: Contratos de traballo e vida laboral actualizada e expedida pola Seguridade Social, sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada.
 - Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas acompañada de informe de vida laboral.
 - Traballo no estranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados (traducida ao galego ou ao castelán)

Quen non aporte ningún documento referido aos puntos anteriores para o seu baremo, adxudicaráselle 0 puntos neste apartado.

- De ser o caso, fotocopia do carné de conducir conforme a Base terceira.
- Documentación acreditativa da situación de demandante de emprego.

Cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

O tribunal seleccionará aos aspirantes mediante o sistema de concurso de méritos e entrevista que se desenvolverá como se indican nos anexos II, III, IV, V e VI.

No caso de empate das puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, dirimiranse atendendo ás seguintes circunstancias:

- 1º.- Maior tempo acreditado como desempregado
- 2º.- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- 3º.- De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente
- 4º.- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias
- 5º.- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego
- 6º.- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados
- 7º.- O de maior idade

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos, ben de titulación, ben experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículo non será obxecto de baremo, nin terá lugar a entrevista.

Quinta.- Admisión de aspirantes

Os Concellos de Teo, Boqueixón e Vedra, logo de comunicalo mediante chamada telefónica, enviarán por correo electrónico as presentes bases ás persoas desempregadas remitidas pola oficina de Emprego Santiago – Norte.

De non poder establecer o contacto nunha primeira chamada, realizaranse outras dúas a distintas horas. Se aínda así non é posible establecer o contacto telefónico, darase por informada á persoa co envío do correo electrónico ao enderezo proporcionado na solicitude. De non contar cun enderezo de correo electrónico, tras realizar as entidades promotoras as tres chamadas, a persoa non contactada poderá participar no proceso selectivo sempre e cando presente a documentación no prazo establecido, quedando excluída no caso contrario.

Quedarán fora do proceso, e polo tanto serán excluídas do mesmo, aquelas persoas que non presenten a solicitude no prazo de tres días hábiles a contar dende o día seguinte ao envío do correo electrónico aos enderezos proporcionados nas solicitudes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, ditarase resolución no prazo máximo de tres días, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas con indicación, de ser o caso, das causas de exclusión.

Esta Resolución publicarase no taboleiro de edictos e na web do Concello de Teo (www.teo.gal) e no portal da sede electrónica do Concello de Teo (<https://sede.teo.gal/gl/>) e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na Lei.

As persoas aspirantes excluídas dispoñen do prazo de dous días hábiles, desde a publicación da antedita Resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

Posteriormente, declararase aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas que se publicará no taboleiro de edictos e na web do Concello de Teo.

Na Resolución sinalaranse a data, o lugar e a hora na que se realizará a entrevista.

Coa publicación na web, na sede e no taboleiro de anuncios da puntuación do resultado das entrevistas, ás persoas candidatas indicárase tamén a data, o lugar e a hora na que se reunirá o Tribunal para levar a cabo a valoración de méritos.

De non existir aspirantes excluídos/as, elevarase a definitiva a listaxe provisional na mesma Resolución da aprobación.

Sexta.- Tribunal

O Tribunal cualificador, composto por representantes das entidades que participan neste proxecto, terá como función a valoración das entrevistas e dos méritos alegados polos/as aspirantes remitidos pola Oficina de Emprego de Santiago Norte.

O tribunal estará composto polos seguintes membros:

Presidente: Diego Viña Feás, AEDL do Concello de Teo

Suplente: María Consuelo Cajide Labandeira, psicóloga do Concello de Teo.

Vogal: María Victoria Negrín Blanco, técnica de formación ocupacional do Concello de Boqueixón

Suplente: Ignacio Soto González, arquitecto do Concello de Teo

Secretaria-vogal: María de la Cruz Vilas Giadanes, técnico local de emprego e servizos do Concello de Vedra

Suplente: D. Nerea Garrido Montenegro, técnica de xestión económica do Concello de Vedra.

- a) O Tribunal poderá solicitar axuda de técnicos ou asesores, con voz e sen voto, cando o considere axeitado.
- b) O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.
- c) O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, en función das puntuacións obtidas.
- d) O alcalde, vista a proposta do Tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

Os membros concorrentes ás sesións do tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002, sobre indemnizacións por razóns do servizo.

Sétima.- Proceso de selección

O Proceso de selección desenvolverase en dúas fases:

- Fase de entrevista: 7 puntos

Esta fase consistirá nunha entrevista persoal con cada aspirante cuxo contido será determinado polo tribunal no seu momento.

A entrevista terá unha duración máxima de 10 minutos e será valorada de 0 a 7 puntos por cada un dos membros do Tribunal segundo o baremo establecido.

A nota da fase de oposición de cada aspirante será a resultante da media de todas as puntuacións outorgadas por cada membro do tribunal con voz e voto.

- Fase de concurso : 13 puntos

Na fase de concurso serán valorados polo tribunal os méritos achegados e xustificadas polos/as aspirantes, aplicando a valoración que se recolle nos anexos correspondentes a cada posto destas bases (Anexos II, III, IV, V e VI).

A proba para o Celga terá unha duración de dúas horas e media para a proba escrita e a proba oral terá unha duración máxima de 15 minutos.

O tribunal procederá á cualificación das persoas aspirantes, axustándose ao establecido nas presentes bases, procedendo á publicación, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, da relación de aspirantes presentados/as coa puntuación obtida, elevando á Alcaldía a correspondente proposta de contratación a favor dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación total.

Se as persoas candidatas inicialmente propostas renunciaren á contratación ou non puidesen acreditar os requisitos necesarios, a contratación realizarase coa persoa que acadase a seguinte maior puntuación e así sucesivamente.

De acordo coa circular núm. 6/2021 de “Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego”, unha vez elaborada a proposta de persoal docente a contratar para o proxecto, a entidade promotora deberá remitila á Xefatura Territorial da Coruña, que deberá verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se algún do persoal docente proposto non cumprira ditos requisitos a Xefatura comunicarllo á entidade promotora para que poida ser substituído pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva, non podendo dar comezo o proxecto en tanto a Xefatura non comprobe que todo o persoal docente reúne ditos requisitos.

Publicada a referida lista, as persoas interesadas poderán presentar reclamacións no prazo máximo dun día hábil dende tal publicación.

O resto dos/as candidatos/as que tiveran superado o proceso selectivo formarán parte dunha lista de agarda ordenada en función da puntuación

obtida, de maior a menor, aos efectos de posibles substitucións ou renuncias das persoas propostas ou, no seu caso, contratadas para este programa, sendo chamadas, nese caso, aquelas que acadasen as maiores puntuacións, sempre e cando reúnan nese momento os requisitos esixidos nestas bases.

En caso de renuncia pasará ao último posto da lista.

Se durante o tempo de vixencia do contrato a persoa seleccionada decide rescindilo, a contratación, polos meses restantes, realizarase coa persoa que acadase a seguinte maior puntuación e así sucesivamente.

Oitava.- Duración do contrato

O contrato terá unha duración de doce (12) meses dende a data de formalización.

Novena.- Incidencias

O tribunal resolverá as dúbidas que se presenten e adoptará os acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso–oposición en todo o non previsto nestas Bases.

Décima.- Formalización do contrato

Co obxecto de subscribir o correspondente contrato laboral, as persoas aspirantes propostas disporán dun prazo de un (1) día hábil, contado desde o día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da proposta de contratación, para achegar a seguinte documentación actualizada:

- a) Declaración xurada de non padecer enfermidade nin estar afectada por limitación física ou psíquica que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para as que resultou seleccionada.
- b) Declaración expresa de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou de incapacidade conforme á normativa vixente.

- c) Declaración de non estar separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas nin atoparse inhabilitada para o exercicio e desempeño das funcións públicas.
- d) Copia cotexada de toda a documentación que presentou xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo: DNI, pasaporte ou documento de identidade equivalente, título requirido para o posto, carné de conducir, a acreditativa do coñecemento da lingua galega, de ser o caso, a xustificativa dos méritos alegados para a fase de concurso así como a tarxeta de demandante de emprego actualizada ou certificación/informe do servizo público de emprego, na que conste a súa inscrición como demandante de emprego.
- e) Certificado da súa conta bancaria.

Mentres non se formalice o respectivo contrato e non se incorpore ao posto de traballo, as persoas aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas están obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, quedando sometidas a un período de proba de 15 días, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores e estará suxeita a lexislación laboral pertinente.

Unha vez presentada a documentación referida procederase á formalización do contrato.

Se dentro do prazo indicado (agás nos casos de forza maior, debidamente motivados e que deberán ser apreciados e estimados, potestativamente, pola Alcaldía), a persoa aspirante seleccionada non presentara a documentación requirida, ou da mesma se deducira que non reuniría os requisitos esixidos, non poderá ser contratada, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera incurrir por falsidade; debendo propoñerse, por parte da Alcaldía, a contratación do/da aspirante que ocupe o

primeiro lugar (por orde de puntuación) na relación complementaria de aspirantes que tiveran superado o proceso selectivo e non foran inicialmente seleccionadas.

Undécima .- Dereito supletorio

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ao disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro e demais lexislación concordante en materia laboral.

Duodécima.- Norma final

A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderanse impugnar no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Teo, 12 de xullo de 2021

O alcalde

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO “EMPRÉGATEAPP” FINANCIADO POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

D/Dona _____ con DNI nº _____
e con domicilio _____
C.P. _____ teléfono _____; correo
electrónico _____ ante o Sr. Alcalde-
Presidente do Concello de Teo,

MANIFESTO:

- Que coñezo e acepto as bases que van rexer a proceso de selección do persoal laboral temporal do Obradoiro de garantía xuvenil “EMPRÉGATEAPP”.
- Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.
- Que estou inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante de emprego dispoñible para o emprego.
- Que achego a seguinte documentación (sinalar cun X segundo proceda):
 - Copia do D.N.I. ou equivalente.
 - Copia da tarxeta de demandante de emprego actualizada.
 - Copia da documentación acreditativa de estar en posesión do título académico requirido para acceder ao posto que indica deseguido.
 - Relación de méritos acompañada dos xustificantes que acrediten os méritos alegados para a fase de concurso conforme á base cuarta.

- De ser o caso, copia do CELGA 4, co que quedarán exentos do exame de galego.
- De ser o caso, copia do carné de conducir
- Declaración xurada (Anexo VII)

Por todo o exposto,

SOLICITO

Que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido/a no proceso de (marcar o que proceda):

- DIRECTOR/A
- DOCENTE DA ESPECIALIDADE
- TITOR/A DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA
- TITOR/A DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS E FORMACIÓN COMPENSATORIA
- ALUMNADO-TRABALLADOR/A

En _____, ___ de _____ de 2021

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO

ANEXO II

ANEXO II: BAREMO PARA A SELECCIÓN DO/A DIRECTOR/A

FUNCIÓNS:

Encargarse da coordinación xeral do obradoiro de emprego e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Emprego e Igualdade, entidade promotora e empresariado.

Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como as actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e responsabilizarase do traballo administrativo e de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente:

- Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións.
- Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade e ante os Concellos de Teo, Boqueixón e Vedra as memorias xustificativas periódicas e finais do Obradoiro, os datos da xestión orzamentaria da execución do proxecto, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugamento de material ou equipamento.
- Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador e a labor educativa do persoal docente.

- Colaborar co/a titor/a de xestión empresarial e de formación compensatoria para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
- Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, levar rexistro de asistencias e puntualidade, vixiar o comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
- Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado/traballador.
